

Aquelarre

A noite caeu no bosque bañado pola luz da Lúa chea que se erguía alta, branca e silenciosa no ceo. No claro central, cinco bruxas reuníronse arredor dun círculo de pedras que aloxaba unha fogueira. Unha delas, recolectara flores violetas e brancas e fixo para cada unha delas unha tiara. Todas ataviadas con vestidos de seda branca que ao moverse deixaba ver as súas figuras esculpidas polo sorriso da Lúa. Esa noite non había invocacións escuras nin sombras ameazantes.

Só a calma dunha celebración secreta.

As chamas comezaron a bailar mentres as bruxas movían os pés sobre a herba branda, deixando que o ritmo da noite guiase os seus corpos. Bailaban tranquilas, sen prisa, deixando a un lado as preocupacións do mundo e disfrutando de estaren xuntas.

Unha verteu unhas herbas aromáticas sobre o lume, e o fume elevouse alto en espirais perfumadas. Outra trouxo un libro con ela, antiquísimo, abriuno, e non para facer maleficios senón para facer bebidas para compartir; licores para quentar o peito e infusións para quentar as almas.

Non necesitaban rituais pomposos nin símbolos complexos. O seu aquelarre era un encontro de calma, unha forma de lembrar quenes eran e de recoñecer a forza que atopaban unhas noutras.

Cando comezaron as primeiras luces do amencer, apagaron o lume e marcharon en silencio escoitando aos paxaros que anunciaban un novo día.

No bosque, nada parecía distinto, pero a Lúa, antes de se marchar, semellaba máis satisfeita.

Claudia Rodríguez Iglesias

Lembranza a todas as mulleres que foron executadas só polo feito de ver o mundo con maxia